Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
https://sede.neda.gal

Resolución de Alcaldía
Asunto: Convocatoria de subvencións en concorrencia previstas no Orzamento do exercicio 2026, para o fomento do deporte individual
Nº Expediente: 2026/A002/000004

ANTECEDENTES

Como xa sucedera nalgún exercicio anterior, este Concello, e co fin de contribuír a fomentar a práctica deportiva e a súa participación nas competicións oficiais dos/as deportistas do Concello de Neda, en deportes de carácter individual, ten intención de convocar tamén neste ano esta liña de axudas.

Considerando este equipo de goberno a importancia que para un concello pequeno como o noso ten a colaboración municipal no fomento da práctica do deporte, tratando así de apoiar o perfeccionamento técnico e o rendemento deportivo dos deportistas que representan a Neda en competición oficiais de diferentes ámbitos, e en disciplinas de carácter individual,

A tal fin, no orzamento deste exercicio 2026 (cuxo anuncio de aprobación definitiva foi publicado no BOP nº 168 do día 03.09.2026) e, en relación a esta cuestión, dotouse o seguinte crédito para esta finalidade:

Aplicación	**Denominación**	**Importe**
341 480.13	Subvencións destinadas a fomento deporte individual	5.000,00 €

Tendo en conta que as bases que van rexir esta convocatoria xa foron aprobadas na Xunta de Goberno Local celebrada o día 02.11.2026, e publicadas o día de hoxe no BOP nº 215 do día 10.11.2026.

Visto que nas nas bases de execución do orzamento, e en relación á tramitación de subvencións, establécese que o procedemento para a concesión de subvencións iniciarase de oficio mediante acordo de aprobación da convocatoria e do gasto, adoptado pola Xunta de Goberno Local, previa fiscalización da existencia de crédito adecuado e suficiente pola Intervención, ordenando o inicio dos trámites do procedemento de concesión.

Tendo en conta o informe sobre a dispoñibilidade de crédito existente na partida correspondente emitido pola intervención municipal, e do que resulta o seguinte:

Subvención	Denominación	**Subvención municipais para fomento deporte individual**
	Crédito dispoñible	**5.000,00**
	Partida de imputación	**341 480.13**

Tendo en conta o momento do ano no que se está a tramitar este expediente, e co fin de proceder coa maior celeridade posible á aprobación e publicación da convocatoria, co fin de posibilitar a apertura do prazo de presentación de solicitudes e evitar demoras na tramitación destas axudas destinadas a deportistas individuais, considérase que existen circunstancias de carácter organizativo e social que fan convinte a avogación puntual da competencia delegada na Xunta de Goberno Local, para a aprobación da presenta convocatoria, por canto que ata o vindeiro luns, 16 de novembro, non terá lugar a vindeira sesión da Xunta de Goberno Local.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro. O artigo 10 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, permite a avogación dun asunto cuxa resolución corresponda por delegación cando concorran circunstancias de índole técnica, económica, social, xurídica ou territorial que o

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: https://sede.neda.gal

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 10/11/2026 10:58:00) , Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 10/11/2026 11:00:00)
Decreto Nº: 44/2026 - Fecha de decreto: 10/11/2026
Versión imprimible
CVD: s4yZsEe5PFJ5IVgmtkHj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/

Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
https://sede.neda.gal

fagan conveniente. Nos supostos de delegación en órganos non dependentes xerarquicamente, a avogación corresponde ao órgano delegante.

Segundo. De conformidade co artigo 10.2 da Lei 40/2015, a avogación debe realizarse mediante acordo motivado e, de existir persoas interesadas no procedemento, debe notificárselles antes ou simultaneamente á resolución final; contra a avogación non cabe recurso autónomo.

Terceiro. Resultan de aplicación a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local; a Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia; o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas; e demais normativa aplicable.

No uso das atribucións que me outorga a lexislación do réxime local, RESOLVO:

Primeiro. Avogar, para a aprobación da convocatoria correspondente ao presente expediente, a competencia delegada na Xunta de Goberno Local mediante Resolución da Alcaldía núm. 22/2023, do 03.07.2023 pola que lle delego a totalidade das competencias que ten atribuída a Alcaldía. A avogación fundaméntase na necesidade de axilizar a tramitación deste procedemento, tendo en conta o momento do ano no que se está a tramitar este expediente, e co fin de proceder coa maior celeridade posible á aprobación e publicación da convocatoria, posibilitando a apertura do prazo de presentación de solicitudes.

Segundo. Aprobar a convocatoria das subvencións municipais para o fomento do deporte individual, segundo o detalle que se inclúe no cadro seguinte:

Subvención	Denominación	**Subvención municipais para fomento do deporte individual**
	Crédito dispoñible	**5.000,00€**
	Partida de imputación	**341 480.13**

Terceiro. Autorizar un gasto máximo de 5.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 341 480.13 do orzamento municipal do exercicio 2026, destinado a dar cobertura á convocatoria de subvencións en concurrencia para promoción do deporte individual, segundo as bases reguladoras aprobadas na Xunta de Goberno Local celebrada o día 02.11.2026.

Cuarto. Ordenar a publicación do acordo de aprobación da convocatoria, así como efectuar as actuacións de publicidade e comunicación que correspondan a través da Base de Datos Nacional de Subvencións e do Boletín Oficial da Provincia da Coruña, conforme coa normativa aplicable.

Unha vez a BDNS remita esta convocatoria ao boletín oficial da provincia da Coruña, e o dito BOP publique a mesma, comenzará a contar o prazo previsto nas bases para a presentación de solicitudes; e que é de vinte días naturais contados a partires do día seguinte ao da publicación do anuncio desta convocatoria no BOP.

Quinto. Publicar, así mesmo, a convocatoria na sede electrónica e na páxina web do Concello de Neda.

Sexto. Dar traslado do presente acordo á Intervención municipal e aos demais servizos municipais competentes para o seu coñecemento e efectos oportunos.

Neda, na data que se indica na sinatura dixital.

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: https://sede.neda.gal

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 10/11/2026 10:58:00) , Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 10/11/2026 11:00:00)
Decreto Nº: 44/2026 - Fecha de decreto: 10/11/2026
Versión imprimible
CVD: s4yZsEe5PFJ5IVgmtkHj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/

Casa do Concello
Avda. Algeciras, 34
15510 Neda
(A Coruña)
Tfno.: 981 380 039 Fax.: 981 385 600
https://sede.neda.gal

O Alcalde

Ángel Alvariño Saavedra

Dou fe

O Secretario municipal

Alejandro R. Antelo Martínez

Mediante o Código de verificación (CVD) impreso no lateral esquerdo deste documento, pode Vde. verificar a integridade autenticidade do mesmo na sede electrónica municipal: https://sede.neda.gal

FIRMADO POR Angel Alvariño Saavedra (FECHA: 10/11/2026 10:58:00) , Alejandro Ramón Antelo Martínez (FECHA: 10/11/2026 11:00:00)
Decreto Nº: 44/2026 - Fecha de decreto: 10/11/2026
Versión imprimible
CVD: s4yZsEe5PFJ5IVgmtkHj Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.neda.gal/